

PROXECTO COLECTIVO PARA A XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS PARA UNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA, SOCIAL E AMBIENTALMENTE SUSTENTABLE NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE A GUARDA

Período do proxecto
01/07/2025 - 30/06/2026

Axuda concedida logo
65.879,00 €

O proxecto desenvolverase ao longo de 23 km lineais de costa rochosa na zona marítima do ámbito territorial da confraría de A Guarda. Na franxa litoral albergan unha variedade de ecosistemas de elevada diversidade biolóxica, que o converte nun espazo de alto valor ecolóxico e de especial interese para a cría de organismos mariños.

Durante o proxecto, se realizarán actividades de xestión e asesoramento técnico dos recursos explotados pola entidade que promovan a recompilación de datos coa implicación do sector e fomenten a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos marisqueiros.

Paralelamente, se realizarán actividades de control e seguimento das actividades pesqueiras establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca e realizando controis das capturas nas zonas de pesca e puntos de desembarco con fin de reforzar a protección, conservación e sustentabilidade dos recursos mariños e das especies.

Ambas actividades están enmarcadas nos plans de xestión que responden ao concepto de infraestrutura azul, na medida que manteñen servizos ecosistémicos e protexen a biodiversidade. A aplicación e seguimento dos plans e medidas de xestión aseguran o cumprimento normativo e fortalecen o control e a recollida de datos en colaboración co sector, reforzando as actividades pesqueiras económica, social e ambientalmente sustentables.

